



## PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

[Aprobado en reunión do Consello Escolar de data 29/6/2018]

### ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	2
2. MARCO LEGAL	2
3. ANÁLISE DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO IES DO MILLADOIRO	2
4. OBXECTIVOS XERAIS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA E DO PLURILINGÜISMO	6
5. LIÑAS XERAIS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA E DO PLURILINGÜISMO	7
6. LINGUA NA QUE SE IMPARTEN AS DISTINTAS MATERIAS	10
7. MEDIDAS ADOPTADAS PARA O ALUMNADO QUE NON POSÚA O SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS	16
8. ESTRATEXIAS E ACTIVIDADES PARA A MELLORA DA COMPETENCIA COMUNICATIVA ORAL E ESCRITA DO ALUMNADO NAS LINGUAS OFICIAIS	18
9. AVALIACIÓN DO PROXECTO LINGÜÍSTICO	21
ANEXOS	22

## 1. INTRODUCCIÓN

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 5, define o galego como a lingua propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais nela e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos.

A lingua galega é patrimonio cultural do noso pobo e debe ser obxecto de respecto e protección por constituír un elemento básico de identidade cultural. Tal e como veremos na análise do contexto sociolingüístico do centro, o IES do Milladoiro é un centro no que convive alumnado con diferentes linguas maternas e o primeiro dos nosos obxectivos é **facer da lingua galega un elemento de cohesión na comunidade.**

Este PLC ten como segundo obxectivo o **desenvolvemento** da *Lei de Normalización Lingüística 3/1983* e, máis concretamente, do *Decreto 79/ 2010*, do 20 de maio, **para o plurilingüismo** no ensino non universitario de Galicia.

Por último, o terceiro obxectivo é **promover a mellora da competencia lingüística** do alumnado, mediante actuacións coordinadas de todos os departamentos.

## 2. MARCO LEGAL

O presente documento baséase na normativa vixente no curso 2017/2108, tendo como principais referentes legais os seguintes:

- Constitución española de 1978 (art. 3.2).
- Estatuto de Autonomía de 1981 (art. 5).
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística, *Diario Oficial de Galicia*, 84, 14 de xullo de 1983.
- Carta europea das linguas rexionais e minoritarias de 1992.
- Plan Xeral de Normalización Lingüística de 2004.
- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, *Boletín Oficial do Estado*, 106, 4 de maio de 2006.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, *Diario Oficial de Galicia*, 97, 25 de maio de 2010. Artigo 14.
- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, *Boletín Oficial do Estado*, 295, 10 de decembro de 2013.
- Orden ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, “por la que se describen as relaciones entre las competencias, los contenidos y los criterios de evaluación de la educación primaria, la educación secundaria obligatoria y el bachillerato”, *Boletín Oficial do Estado*, 25, 29 de xaneiro de 2015.

## 3. ANÁLISE DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO IES DO MILLADOIRO

O IES do Milladoiro é un centro público, inaugurado en setembro de 2013. Oferta ensino secundario e bacharelato. Está situado no norte da zona urbana da vila do Milladoiro, pertencente ao Concello de Ames.

### 3.1. Situación sociolingüística do concello de Ames

Ames experimentou un **aumento poboacional** vertixinoso nas últimas dúas décadas, pasando dos 13.288 habitantes de 1996 aos 30.544 do 2016 (datos oficiais do 1 de xaneiro de 2016, Instituto Galego de Estatística).

Este crecemento fai de Ames un concello atípico no contexto galego. A súa realidade sociodemográfica está marcada por dúas variables:


- 1) A presenza de Santiago de Compostela como concello limítrofe, que é un polo de atracción de poboación nova, tanto doutros concellos de Galicia e do Estado español coma do estranxeiro.
- 2) O asentamento maioritario da poboación nos dous núcleos urbanos (Bertamiráns e O Milladoiro), claramente diferenciados dos núcleos rurais do concello.

Estas variables condicionan o desenvolvemento da poboación e dos servizos.

Cos datos oficiais do 1 de xaneiro de 2016 (Instituto Galego de Estatística) podemos sinalar que outros trazos característicos de Ames son a **elevada taxa de poboación nova** (o 22,4% da poboación ten menos de 20 anos, mentres que os maiores de 65 só representan o 9,8%) e a **importante presenza dunha poboación de orixe estranxeira**.

A **poboación foránea** no concello de Ames representa o 4,63% do total, con 1.401 persoas con nacionalidade estranxeira rexistradas no padrón municipal no ano 2015. Desta cifra, o 56,67%, (794) son mulleres e o 43,33% (607) son homes. Temos, logo, unha inmigración maioritariamente feminina. Resaltamos este dato, xa que as mulleres teñen un papel relevante na transmisión da lingua familiar.

En canto á procedencia, 743 destas persoas proceden de países latinoamericanos, 539 de Europa, 65 de África e 54 de Asia.




Ao número total de persoas estranxeiras que residen en Ames hai que sumarlle as 2.088 que naceron noutras comunidades autónomas e que tamén residen neste concello, tendo así 3.489 persoas non nadas en Galicia, que representan o 11,53% da poboación en 2015.

Como amosan os datos, Ames é un espazo multicultural, no que conviven diferentes nacionalidades e linguas, o que converte o noso IES nun **espazo privilexiado de intercambio cultural**.

### 3.2. Situación sociolingüística do IES do Milladoiro

Segundo os datos obtidos do programa Xade en outubro do curso 2017/2018, do total do alumnado do centro (449 alumnos/as), un 12,9% (57 alumnos/as) procede dun país estranxeiro.

Do total do alumnado inmigrante, un 55,2% (32 alumnos/as) procede dun país hispanofalante e un 25,8% (15 alumnos/as) procede dun país lusófono. O restante alumnado inmigrante (10 alumnos/as) distribúese do seguinte xeito: 2 alumnos/as marroquís, 2 alumnos/as romaneses, 2 alumnos/as chineses, 3 alumnos/as suízos e 1 alumno/a filipino/a.



O alumnado do IES do Milladoiro presenta niveis socioculturais moi variados e responde ás novas realidades familiares existentes na sociedade. Esta diversidade amplíase coa presenza dunha porcentaxe relativamente elevada de alumnado procedente do estranxeiro, que se incorpora ao longo de todo o curso, mesmo na terceira avaliación e, en non poucas ocasións, con desfases curriculares severos.

Aínda que a poboación inmigrante constitúe no Milladoiro un dos colectivos con maior risco de exclusión, este alumnado intégrase na vida do centro con relativa facilidade, grazas á atención prestada aos procesos de acollida, ao respecto á multiculturalidade e ao apoio das necesidades educativas derivadas desta situación. Neste sentido, é relevante o desfase curricular severo que presentan moitas destas persoas, como acabamos de dicir.

Para coñecer mellor a situación lingüística do alumnado elaboramos unha **enquisa** (véxase Anexo II) e as **conclusiones** ás que chegamos son as seguintes:

#### 3.2.1. Usos

3.2.1.1. Contamos cun 17,2% de alumnado nacido fóra de Galicia, pero só un 4% aprendeu a falar nunha lingua distinta do galego ou o castelán.

3.2.1.2. Constátase un descenso moi pronunciado no uso do galego na xeración do noso estudantado. O galego constitúe a lingua habitual na casa do 27% do alumnado en presenza deste (con seguridade, a proporción será maior na comunicación entre os proxenitores), mais só é a lingua inicial do 19,3% das mozas e mozos e a empregada polo 3,2% destes nas relacións inter pares. Alén diso, a escola segue sendo un axente

profundamente castelanizador, non só debido á presión do grupo na socialización entre iguais, senón no ámbito global da formación: no instituto decláranse empregar de xeito normal o galego unicamente un 3% do alumnado, por máis que neste caso sexa relevante o número dos que se recoñecen nun uso máis ou menos parello de galego e castelán (19,1%). En relación co anterior, un 54% das persoas enquisadas percibe a presenza da lingua galega no centro (aulas, actividades, interaccións, recursos...) como escasa (22%) ou moderada (32%).

3.2.1.3. Obsérvase, así mesmo, un predominio ben relevante do castelán (61,2% só ou máis castelán) na escolta das lecturas, a pesar da oferta de obras en galego. No caso do acceso a recursos audiovisuais ou electrónicos, condicionado aínda máis polo mercado, a presenza do galego é especialmente exígua (só castelán supón un 57,2%, só e máis castelán un 87,2%).

### **3.2.2. Competencias**

3.2.2.1. As competencias manifestadas (non demostradas) sitúan o español moi por enriba do galego: hai 38,4 puntos de diferenza no dominio bo / moi bo. E o que é aínda máis grave: hai case un 12% de alumnado con competencia baixa ou moi baixa en galego, fronte ao 1,5% en castelán. Esta situación entra en conflito coas indicacións lexislativas que establecen que o alumnado debe progresar e rematar o ensino secundario cun nivel competencial semellante nas dúas linguas oficiais. É unha realidade que se podería constatar con probas obxectivas e que supón unha vulneración da normativa (LOMCE, 99, 4: “de maneira que se procure que os alumnos e alumnas dominen ambas as linguas oficiais”; Decreto 86/2015: “O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas oficiais”). Independentemente da distribución das linguas por materias que establece a lei, é preciso, logo, empregar todos os contextos comunicativos que poida crear o centro para desenvolver a competencia lingüística minorizada.

3.2.2.2. O 13,8% non se sente cómodo ao falar galego (puntuación con menos de 5 sobre 10). E un 19,7% só parcialmente cómodo (puntuación 5 ou 6 sobre 10). Deste xeito, un 33,5% do alumnado amósase refractario ao uso da lingua propia de Galicia ou cun escaso hábito. Nesta liña emocional, declara que non lle gusta falar galego un 41,2% do estudiantado (pouco de acordo con “gústame falar galego” o 23,4% e en desacordo o 17,8%). Así e todo, di que lle gusta falar galego o 58,8%.

### **3.2.3. Prexuízos**

Unha porcentaxe ampla, nalgún caso mesmo maioritaria, de alumnado recoñece asumir ideas prexuízosas, preconceitos que limitan o valor social do galego e constitúen barreiras para o desenvolvemento das competencias nesta lingua. Ningún dos prexuízos incluídos no inquérito ten presenza irrelevante entre os discentes, sequera aquel que identifica aprendizaxe das linguas con coñecementos negativos ou imposición (marcado polo 15,6%) e ten especial e preocupante incidencia o que non considera que o galego sexa unha lingua apta para determinados ámbitos (ocio, tecnoloxías...) e, consecuentemente, o que non lle reserva futuro ao galego.

Desacordo ou pouco de acordo con:

- Fomentar o galego: 32,8%
- O galego é útil fóra de Galicia: 47,8%
- O galego é útil en Galicia: 21,6%
- Preferencia por máis clases en galego: 56,3%
- A adquisición de linguas enriquece : 15,6%
- As matemáticas pódense aprender en galego: 30,3%
- O galego é apropiado para ligar: 48,1%
- O galego é apropiado para videoxogos: 58,71%
- O galego é unha lingua con futuro: 50%
- Débese transmitir o galego ás xeracións novas: 21,9%
- Gústame que me falen en galego: 35,9%

#### **4. OBXECTIVOS XERAIS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA E DO PLURILINGÜISMO**

##### **4.1. Referentes ao contorno sociolingüístico do centro**

- ✓ Favorecer actitudes positivas, tolerantes, integradoras e abertas cara á lingua galega e ás linguas en xeral.
- ✓ Manter o galego como lingua vehicular do centro, tanto na redacción dos documentos externos como internos, facendo del un exemplo de normalidade lingüística no noso contorno inmediato.
- ✓ Concienciar os distintos axentes (familias, profesorado, alumnado, persoal non docente, institucións e asociacións do contorno...) da importancia do galego non só como lingua, senón tamén como factor de desenvolvemento social, cultural e económico, como unha riqueza que é importante preservar e actualizar.
- ✓ Incidir no carácter do galego como lingua culta e prestixiada e na súa función identitaria.
- ✓ Amosar o galego como unha lingua de futuro.

##### **4.2. Obxectivos que acadar co alumnado**

- ✓ Garantir que o alumnado que ten a lingua galega como lingua habitual poida mantela e consolide a competencia plena nela.
- ✓ Familiarizar o alumnado con ámbitos de comunicación modernos, tecnolóxicos, científicos, empresariais, de prestixio en galego.
- ✓ Coñecer o seu punto de vista sobre a situación sociolingüística no contorno do centro.
- ✓ Favorecer que o alumnado sexa suxeito activo, organizador e participante, nas actividades a prol da nosa lingua, mediante a súa participación no EDLG.

- ✓ Poñer en contacto o alumnado coas manifestacións culturais en galego (teatro, música, cine etc.) tratando de valorizar aquelas manifestacións artísticas levadas a cabo por alumnado do centro e que empregan o galego como lingua de expresión.
- ✓ Mellorar as súas competencias comunicativas, orais e escritas, nas distintas linguas empregadas no centro.

#### **4.3. Obxectivos que acadar en relación ao profesorado**

- ✓ Favorecer que o profesorado mellore as súas competencias lingüísticas.
- ✓ Mellorar a coordinación entre os diferentes departamentos de linguas. Impulsar a posta en marcha dun proxecto TIL (Tratamento integrado de linguas) no vindeiro curso 2018/2019 co obxectivo de unificar a terminoloxía empregada e evitar duplicidades nos contidos.
- ✓ Animar a posta en marcha de proxectos interdisciplinares.

#### **4.4. Obxectivos coas familais**

- ✓ Dar a coñecer ás familias o contexto sociolingüístico da lingua galega, especialmente para aquelas chegadas doutro país.
- ✓ Favorecer a participación de pais, nais e veciñanza en actividades do centro relacionadas coa promoción e uso da lingua galega.

#### **4.5. Referentes á situación lingüística do centro**

- ✓ Manter a prioridade do galego como lingua de uso habitual nos actos oficiais e públicos celebrados no centro, ben sexan de carácter didáctico, ben de carácter lúdico.
- ✓ Transmitirlles aos organismos e entidades ou ás persoas convidadas e monitoras en todas as actividades complementarias e extraescolares organizadas polo centro a necesidade e preferencia de uso do galego, ante a actitude e os hábitos lingüísticos do alumnado.
- ✓ Fomentar o uso progresivo da lingua galega e incrementar a competencia lingüística nos diversos estamentos da comunidade educativa, tanto na súa vertente oral como na escrita.

## **5. LIÑAS XERAIS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA E DO PLURILINGÜISMO**

### **5.1. Administrativas**

- ✓ Redacción de todos os documentos internos e externos do centro (boletíns, anuncios, comunicacións, avisos, web etc.) integramente en galego.

### **5.2. Pedagóxicas**

Con respecto ao alumnado:

- ✓ Por parte do EDLG e dos Departamentos de Lingua Galega e Orientación: planificación de actividades e apoios que posibiliten a integración lingüística do alumnado non galegofalante.
- ✓ Por parte de toda a comunidade educativa: fomentar actitudes positivas do alumnado cara á lingua galega incidindo no seu valor identitario e funcional.
- ✓ Por parte de todos os departamentos: tratar os estereotipos e prexuízos referentes ás linguas e os seus falantes de xeito transversal en todas as materias a partir dos textos empregados na aula e das biografías lingüísticas dos discentes.
- ✓ Por parte de todos os departamentos didácticos e da Biblioteca do centro: garantir nas distintas linguas unha oferta de materiais didácticos de calidade e en soportes diversos que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe.
- ✓ Por parte do EDLG e da Biblioteca: habilitar dentro da cultura xuvenil espazos de uso para o galego, a través dunha oferta de produtos do campo da cultura e do ocio.
- ✓ Por parte do EDLG: desenvolver un plan de voluntariado lingüístico para que o alumnado de orixe estranxeira poida ser axudado polos seus novos compañeiros/as a mellorar a súa competencia comunicativa.
- ✓ Por parte do Departamento de Orientación: animar a que os titores/as galegofalantes do programa TEI (Titoría entre iguais) sexan vistos como referencia e modelo para o alumnado titorizado.
- ✓ Por parte de todos os departamentos: promover a produción lingüística oral e escrita do alumnado.
- ✓ Por parte de todos os departamentos e a Biblioteca: realización de actividades para dar visibilidade e valorar a riqueza lingüística e multicultural do centro.

Con respecto ao profesorado:

- ✓ Por parte da Dirección do centro: invitar os departamentos non lingüísticos a unha reflexión sobre o seu papel no desenvolvemento da competencia lingüística do alumnado.
- ✓ Por parte de todos os departamentos: colaborar na elaboración e posta en marcha dun proxecto TIL (Tratamento Integrado das Linguas) no curso 2018/2019.
- ✓ Por parte de todos os departamentos: deseñar e desenvolver proxectos que permitan asociar a lingua galega coas ciencias e as tecnoloxías, así como con diferentes iniciativas actuais de usos sociais en ámbitos que impliquen a xuventude ou próximos a ela.
- ✓ Por parte de todos os departamentos: privilexiar, dentro dos proxectos interdepartamentais, as fontes dixitais en galego e as producións orais planificadas nesta lingua. Recompilar e compartir, para iso, páxinas de información, producións, materiais e apoios didácticos en galego e/ou en portugués nas distintas materias.
- ✓ Por parte de todos os departamentos: planificar unha ampla presenza en actividades complementarias e extraescolares a través de xornadas, debates, obradoiros... de persoas que constitúan referentes de fidelidade lingüística e compromiso co idioma nos máis diversos ámbitos sociais: música actual, deporte, cinema, tecnoloxías, etc.



- ✓ Por parte de todos os departamentos: ampliar a oferta de lecturas e recursos en galego, lingua que debe ser discriminada favorablemente nas recomendacións, suxestións, exposicións, etc. que realice o centro en xeral e a Biblioteca en particular.

Con respecto ás familias:

- ✓ Por parte do profesorado titor: informar os pais e nais de orixe foránea sobre as vantaxes de coñecer e usar a lingua galega, así como da conveniencia de que os seus fillos/as a adquiran de forma temperá.
- ✓ Por parte do profesorado titor: informar as familias lusófonas da vantaxe que supón a súa lingua para os seus fillos/as de cara á incorporación á lingua e cultura galegas.

Con respecto á comunidade educativa en xeral :

- ✓ Por parte do EDLG, do Departamento de Orientación e da Dirección do centro: manter contacto estreito con outras institucións e organizacións que traballan a prol da lingua galega e colaborar nas súas iniciativas colectivas.
- ✓ Por parte de toda a comunidade educativa: aproveitar o centro como espazo comunicativo (web, biblioteca, conferencias, teatro, música...).

## 6. LINGUA NA QUE SE IMPARTEN AS DISTINTAS MATERIAS

Figuran en letra grosa as de impartición obrigatoria nese idioma (segundo a lexislación vixente en xuño de 2018); as outras son as de escolla polo centro.

1º ESO	Gal.	Cast.
Valores éticos	1	
Relixión		1
<b>Bioloxía e Xeoloxía</b>	<b>4</b>	
<b>Xeografía e Historia</b>	<b>3</b>	
Educación Física		2
Ed. Plástica	2	
<b>L. Castelá</b>	--	--
<b>Inglés</b>	--	--
<b>L. Galega</b>	--	--
<b>Matemáticas</b>		<b>5</b>
Paisaxe e sustentabilidade	1	
<b>2º Lingua Francés</b>	--	--
TOTAL	11	8

2º ESO

Gal.

Cast.

Valores éticos	1	
Relixión		1
<b>Física e Química</b>		<b>3</b>
<b>Xeografía e Historia</b>	<b>3</b>	
Educación Física	2	
Música		2
<b>L. Castelá</b>	--	--
<b>Inglés</b>	--	--
<b>L. Galega</b>	--	--
<b>Matemáticas</b>		<b>5</b>
<b>Tecnoloxía</b>		<b>3</b>
Apoio/Reforzo	2	
<b>2º Lingua Francés</b>	--	--
Promoción est. vida saudable	1	
TOTAL	9	14

Valores éticos	1	
Relixión		1
<b>Bioloxía e Xeoloxía</b>	<b>2</b>	
<b>Xeografía e Historia</b>	<b>3</b>	
Educación Física	2	
Educación plástica	2	
<b>L. Castelá</b>	--	--
<b>Inglés</b>	--	--
<b>L. Galega</b>	--	--
<b>Matemáticas</b>		<b>4</b>
<b>Tecnoloxía</b>		<b>2</b>
Cultura clásica	2	
<b>Francés</b>	--	--
<b>Física e Química</b>		<b>2</b>
Música		2
TOTAL	12	11

Valores éticos	1	
Relixión		1
<b>Bioloxía e Xeoloxía</b>	<b>3</b>	
<b>Ciencias Sociais</b>	<b>3</b>	
Educación Física	2	
Educación plástica	3	
<b>L. Castelá</b>	--	--
<b>Inglés</b>	--	--
<b>L. Galega</b>	--	--
<b>Matemáticas</b>		<b>4</b>
<b>Tecnoloxía</b>		<b>3</b>
Cultura clásica	3	
Cultura científica	3	
Filosofía		3
<b>Física e Química</b>		<b>3</b>
Economía		3
<b>TIC</b>		<b>3</b>
Latín	3	
Música		3
Ciencias aplic.		3
In.activ. emprendedoras	3	
Artes escénicas		3
<b>Francés</b>	--	--
<b>TOTAL</b>	<b>24</b>	<b>29</b>

1º BACH.	Gal.	Cast.
Filosofía	3	
Educación Física	2	
<b>Lingua castelá</b>	--	--
<b>Lingua galega</b>	--	--
<b>Inglés</b>	--	--
Cultura científica	2	
TIC		2
<b>Francés</b>	--	--
Relixión		1
Debuxo artístico		3
Matemáticas I	4	
H. <sup>a</sup> mundo contemporáneo	4	
Física e Química		4
Matemáticas aplicadas I	4	
Debuxo Técnico I	4	
Tecnoloxía Industrial I		3
Bioloxía e Xeoloxía		4
Economía		4
Grego I	4	
Latín I		4
Reforzo/afondamento de linguas	1	
Reforzo/afondamento de matemáticas		1
Literatura Universal		4
<b>Oralidade francés</b>	–	–
Literaturas Hispánicas		2
Linguaxe e práctica musical	3	
Robótica		2
Introd. Programación		1
<b>TOTAL</b>	<b>31</b>	<b>35</b>

2º BACH.	Gal.	Cast.
H. <sup>a</sup> de España	3	
H. <sup>a</sup> da Filosofía		4
<b>Lingua castelá</b>	--	--
<b>Lingua galega</b>	--	--
<b>Inglés/ Francés</b>	--	--
Matemáticas II / Mat.aplic. II	4	
Bioloxía		4
Química	4	
Física	4	
Xeoloxía		4
Debuxo técnico II	4	
Xeografía	4	
H. <sup>a</sup> da Arte	4	
Economía de empresa		4
Grego II	4	
Latín II		4
Ciencias da terra e ambientais		3
Teconoloxía		3
TIC	3	
Debuxo artístico	3	
H. <sup>a</sup> Música		3
Fundamentos administración e xestión	3	
Psicoloxía	3	
<b>Lit. Galega s. XX</b>	--	--
Filosofía ciencia	2	
Métodos estatísticos e numéricos	2	
Reforzo/ afondamento linguas		1
Reforzo/ afondamento matemáticas	1	
Actividades físico- recreativas		1
Relixión		1

## **7. MEDIDAS ADOPTADAS PARA O ALUMNADO QUE NON POSÚA O SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS**

Segundo o lexislado no *Decreto 229/2011*, no *Decreto 79 /2010* e na *Orde do 20 de febreiro de 2004*, e tal e como recolle o *Plan xeral de atención á diversidade* do IES do Milladoiro, aprobado na Comisión de Coordinación Pedagóxica do 14/6/2017 e ampliado en reunión da CCP de data 30/1/2018 (<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/node/865>), as medidas de carácter organizativo e curricular para alumnos que presentan un déficit lingüístico ou insuficiente dominio das dúas linguas vehiculares no noso centro son:

### **7.1. Desdoblamento de grupos**

Realízase tendo en conta a opinión dos departamentos implicados e a información do Departamento de Orientación.

### **7.2. Reforzo educativo**

Realizado polo profesorado que considere que o alumnado implicado pode seguir o proceso ordinario de ensino/aprendizaxe coa modificación de elementos non prescritivos do currículo.

### **7.3. Exención da Segunda Lingua Estranxeira**

Por proposta do profesorado/titor de 6º de primaria e de 1º de ESO, o alumnado con baixa competencia lingüística exento de Segunda Lingua Estranxeira emprega un programa de lectoescritura que realiza o profesorado PT. Este programa deberá levarse a cabo nas dúas linguas cooficiais, facendo especial fincapé no desenvolvemento das competencias lingüísticas da lingua na que presente máis dificultades.

Medida pendente de desenvolver: a preparación por parte do profesorado especialista en PT dun plan específico de inmersión lingüística para o alumnado procedente do estranxeiro sen suficiente dominio de ningunha das dúas linguas vehiculares.

### **7.4. Agrupamentos flexibles**

Realízase tendo en conta a opinión dos departamentos implicados e a información do departamento de Orientación.

### **7.5. Exención de galego**

Segundo o *Decreto 79/2010*, artigo 18, o alumnado exento debe asistir ás aulas como medio de integración lingüística, con materiais didácticos específicos. No noso centro, no caso dos cursos con agrupamentos flexibles, asistirá preferentemente ao grupo ordinario.

Medidas pendentes de desenvolver polo Departamento de Lingua Galega:

- Colaboración coa Biblioteca para a creación dunha sección de material didáctico específico para o alumnado exento.
- Elaboración dun fondo de materiais adaptados para o alumnado que o precise.



- Redacción dun modelo de informe trimestral sobre o aproveitamento da medida de exención de Lingua Galega. Este informe irá grampado ao boletín de cada avaliación e será entregado ás familias. No suposto de que o informe sexa negativo, provocará o revogamento da medida de exención.

## **7.6. Grupo de adquisición de linguas**

O *Plan xeral de atención á diversidade* prevé a creación de grupos de adquisición de linguas, medida de carácter organizativo que o artigo 8 da *Orde do 20 de febreiro de 2004* define como “agrupamentos flexibles que teñen por finalidade, a través dunha atención individualizada, o impulso dunha formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino, de xeito que se posibilite a súa plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ó curso no que se atope escolarizado”. Por outra banda, o artigo 4 da devandita *Orde* establece que a administración educativa propiciará as dotacións de profesorado necesarias para levar a cabo as atencións establecidas no seu articulado.

- Medida pendente de desenvolver polos departamentos de Lingua Galega, Lingua Castelá e Orientación, en colaboración coa Biblioteca: creación paulatina dun fondo de material para a inmersión lingüística segundo as necesidades do alumnado.
- Medida pendente de desenvolver no curso 2018/2019 polos departamentos de Lingua Galega, Lingua Castelá, Francés e Inglés: elaboración coordinada de probas de nivel lingüístico básico e intermedio baseadas na avaliación das catro competencias (comprensión e expresión oral, comprensión e expresión escritas). Estas probas servirán para determinar a lingua que debe usar o equipo docente na incorporación do alumnado á vida do centro. No caso do alumnado lusófono a lingua preferente será o galego.

## **7.7. Participación, coordinación e colaboración con entidades, asociacións e outras organizacións relacionadas coa atención á diversidade (Rede do IES do Milladoiro)**

No curso 2017 /2018 o IES do Milladoiro colabora neste eido con:

### **7.7.1. Concello de Ames**

- Ofrece clases de reforzo educativo en horario extraescolar.
- Solicitouse do Concello a impartición de clases de inmersión lingüística no Milladoiro para o vindeiro curso 2018/2019.

### **7.7.2. Contratos-programa da Consellería de Educación da Xunta de Galicia**

- Medida para adoptar: continuación do PROA.

### **7.7.3. Cáritas**

- Ofrece clases de Lingua Galega para estranxeiros en horario extraescolar no Milladoiro.
- Medidas para adoptar:

1. Pola Dirección do centro: continuar coas liñas de colaboración con entidades, asociacións e programas relacionados coa atención á diversidade.
2. Polo departamento de Orientación: continuar a informar o alumnado sen coñecemento das linguas vehiculares das posibilidades formativas da EOI, o CLM da USC para maiores de 16 anos e outras vías de formación.

## **8. ESTRATEXIAS E ACTIVIDADES PARA A MELLORA DA COMPETENCIA COMUNICATIVA ORAL E ESCRITA DO ALUMNADO NAS LINGUAS OFICIAIS**

- ✓ Na axenda escolar do centro incluíranse as normas para redacción de traballos e citación de fontes bibliográficas consensuadas por todos os departamentos (Anexo I). Tamén serán dadas a coñecer na páxina web do centro.
- ✓ Todos os departamentos utilizarán o documento consensuado para a redacción de traballos e citación de fontes bibliográficas, co fin de traballar dun xeito coordinado. Este documento figurará nas súas programacións (Anexo I).
- ✓ A Dirección do centro solicitará a incorporación ás programacións didácticas de todos os departamentos do proxecto *Hora de ler*, do Plan lector do centro (aprobado en CCP de 8/3/2016 <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/system/files/Plan%20lector.pdf>), que suporá o compromiso de integrar a lectura e a comprensión lectora na práctica docente.
- ✓ Todos os departamentos deben recoller nas súas programacións a esixencia dunha expresión oral e escrita correctas (corrección léxica e gramatical, ortografía, presentación dos escritos...) e a valoración da produción de textos coherentes e ben estruturados, usando as normas básicas de ortografía e expresión.
- ✓ Todos os departamentos utilizarán unha linguaxe non sexista.
- ✓ Durante a redacción do presente PLC, os departamentos de linguas acordaron de forma consensuada a utilización das seguintes estratexias para a mellora das competencias comunicativas:

### **COMPRENSIÓN ORAL**

#### **Antes da escoita**

- Citar o tema do texto que se escoitará.
- Activar os coñecementos previos.
- Indicar a tarefa que se realizará coa información obtida na escoita.
- Proporcionar aclaracións acerca das dificultades léxicas do texto.

#### **Durante a escoita**

- Utilizar técnicas para recoller datos e información durante a escoita (tomar notas, completar fichas, contestar preguntas previamente presentadas).

- Identificar diferentes entoacións (enunciativa, interrogativa, exclamativa...) e sons de fondo que faciliten a comprensión.

### **Despois da escoita**

- Identificar o sentido xeral.
- Identificar palabras clave.
- Recoñecer estruturas gramaticais que axuden a deducir significados.
- Interpretar en común e oralmente o escoitado.
- Reorganizar a información por medio de esquemas ou resumos.
- Utilizar a información para un obxectivo marcado previamente.

## **EXPRESIÓN ORAL**

### **Actividades: exposición, debate, conversa, diálogo dirixido, dramatización ou recitado**

- Xerar ideas sobre o tema que se vai tratar (cando se trata dun diálogo dirixido, conversa ou debate).
- Realizar esquemas previos para recoller e organizar a información (para o debate, conversa, diálogo e exposición).
- Seleccionar e ordenar argumentos e ideas coherentes.
- Exercitarse para falar con distintos tons, ritmos variados, trabalinguas... Tomar conciencia da importancia da entoación e do ritmo para a comprensión.
- Ser conscientes do tipo de situación comunicativa.
- Observar similitudes e diferenzas con outras linguas coñecidas.
- Prestar especial atención aos fonemas ou estruturas que son diferentes.
- Empregar recursos TIC de apoio.
- Reflexionar sobre o proceso de preparación e produción do discurso mediante preguntas clave que promovan a participación.

## **COMPRESIÓN ESCRITA**

### **Antes da lectura**

- Anticipar o contido:
  1. Título (indica tema e xénero literario), deseño da portada, resumo ao final na contraportada.
  2. Dedicar tempo ás ilustracións, gráficos, índice (organización interna, axuda a buscar información relevante), prólogo.
  3. Tipografía: cores empregadas, tamaño de letra, número de páxinas.
- Elaborar predicións (sobre contido, personaxes...).

### **Durante a lectura**

- Realizar unha atenta lectura global.

- Na lectura en voz alta, modelar o ritmo, a entoación e o volume para conseguir fluidez e adecuación ao tipo de texto.
- Recoñecer a idea principal do texto.

### **Ante palabras descoñecidas**

- Ser conscientes da estrutura sintáctica e escoller as palabras relevantes transmisoras de contido: substantivos, verbos.
- Que poden significar tendo en conta o contexto?
- Aclarar dúbidas que poidan pasar desapercibidos.
- Indicar derivados actuais (helenismos e cultismos) e o seu significado para inferir o significado das palabras descoñecidas.
- Relacionalas con outros idiomas coñecidos.
- Presentar cuestións que o alumnado debe responder para asegurarmos a correcta comprensión.

### **Despois da lectura**

- Analizamos a lectura mediante preguntas literais e inferenciais (conectamos os coñecementos previos co texto para tirar conclusións. Relacionamos o texto co seu coñecemento do mundo).
- Seleccionamos a información relevante.
- Observamos as características formais dos diferentes tipos de textos.
- Elaboramos resumos, esquemas ou mapas conceptuais.
- Reelaboramos de xeito creativo algúns textos: propoñer outro final, continuar o texto, cambiar de xénero, cambiar o punto de vista, crear ilustracións...

## **EXPRESIÓN ESCRITA**

### **Reflexión e organización previa**

- Antes de escribir un texto, pensamos e organizamos as ideas con respecto ao contido, tipo de texto e estrutura:
  1. Que se quere expresar? A quen se escribe? Cal é o propósito?
  2. Tipo de texto: narrativo, expositivo, argumentativo, descritivo...
  3. Estrutura que se vai utilizar. Cantas partes/parágrafos?

### **Preparación e planificación**

- Anotamos todas as ideas que se nos ocorran.
- Ordenamos as ideas: principais, secundarias. Como as imos relacionar? Tipo de nexos/palabras de enlace que usar: preposicións, conxuncións, adverbios...
- Elaboramos un esquema ou borrador do texto que imos escribir.

### **Durante a escrita**

- Decidirmos que ideas son útiles para o texto.
- Que información é pouco relevante por redundante ou por non pertinente ao noso propósito?

### **Ao finalizar**

- Comprobamos a puntuación e a ortografía.
- Verificamos que a estrutura é adecuada.
- Nos textos expositivos e argumentativos: analizamos se a orde da exposición é correcta; observamos se hai detalles e exemplos que verifiquen a argumentación.

## **MEMORIZACIÓN**

As estratexias de memorización son indispensables na aprendizaxe das linguas estranxeiras:

1. Asociacións palabra-ilustración.
2. Clasificacións segundo a semellanza temática, semántica ou formal.
3. Aprendizaxe do novo léxico en situacións comunicativas (xogo de roles).
4. Aprendizaxe de diálogos sinxelos ou entrevistas que sirvan de modelo para outros contextos ou situacións.
5. Repeticións en voz alta, repeticións escritas de palabras ou estruturas, especialmente as que presenten dificultades ortográficas.

## **9. AVALIACIÓN**

Segundo o *Decreto 79/2010*, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, o PLC debe ser avaliado e aprobado polo Consello Escolar do centro. Previamente, este PLC será valorado na CCP, onde se recollerán as posibles modificacións, e a redacción que saia desta Comisión de Coordinación Pedagóxica será a que sexa trasladada para a súa aprobación ao Consello Escolar.

Como é normativo, este PLC remitiráselle cada catro cursos á Inspección Educativa.

Anualmente, este PLC será sometido a revisión pola súa comisión redactora e elaborárase unha addenda do PLC na que conste información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega e do plurilingüismo, así como as principais actividades realizadas para a mellora da competencia comunicativa oral e escrita do alumnado. En caso de producirse algunha modificación na distribución das linguas nas que se imparten as materias, tamén será recollida

## Guía para a elaboración e presentación de traballos escritos (1º e 2º de ESO)

Normas, criterios e consellos para mellorar o contido e a presentación dos escritos. Baseado nas normas APA ([www.normasapa.com](http://www.normasapa.com))

<b>Redacción</b>	<p>Unha vez elixido o tema, debemos pensar no enfoque e na estrutura, é dicir, a forma na que imos organizar a información, para o cal necesitaremos <b>elaborar un guión</b>, que pode ser modificado logo.</p> <p>A redacción debe ser clara, precisa e coherente, sen repeticións innecesarias.</p> <p>Recoméndase <b>facer unha lectura detida</b> e en voz alta antes de entregar o traballo.</p>
<b>Estrutura</b>	<p><b>Portada:</b> título do traballo, identificación. Pode conter imaxes.</p> <p><b>Índice:</b> títulos de todos os apartados que conforman o traballo.</p> <p><b>Introdución:</b> presentación do tema, referencia á estrutura.</p> <p><b>Corpo do traballo:</b> exposición clara e ordenada da información. Pódese subdividir en apartados con unidade interna e ilustrar con imaxes ou debuxos.</p> <p><b>[Conclusión:</b> breve síntese da información exposta.]</p> <p><b>Bibliografía:</b> relación de obras, tanto impresas como dixitais, consultadas. Debe aplicar os estándares indicados neste documento.</p> <div data-bbox="1238 510 1460 846" style="border: 1px solid black; padding: 5px; margin-left: 20px;"> <p style="text-align: center; font-size: small;">IES do Milladoiro</p> <p style="text-align: center; font-weight: bold; margin-top: 20px;">TÍTULO DO TRABALLO</p> <p style="text-align: right; font-size: x-small;">Identificación dos autores Curso</p> </div>
<b>Presentación</b>	<p><b>Nos escritos a man:</b></p> <p style="padding-left: 20px;">Coidar a caligrafía. Sangrar a primeira liña dos parágrafos. As marxes e as liñas deben quedar rectas (de precisarse, usarase como guía, por debaixo do papel, un modelo con liñas).</p> <p style="padding-left: 20px;">Evitar borróns e riscaduras; de ser inevitable, abonda con riscar o erro así.</p> <p><b>Nos presentados a ordenador:</b></p> <p style="padding-left: 20px;">Deixar marxes amplas para evitar que a páxina resulte recargada: 2,5 cm.</p> <p style="padding-left: 20px;">Tipo e tamaño de fonte estándar e lexible: Times New Roman 12 p. ou Arial 11 p.</p> <p style="padding-left: 20px;">Unha vez escollido o tipo de letra e o seu tamaño, empregaranse en todo o documento.</p> <p style="padding-left: 20px;">Espazo de interliñado: 1,5 (espazo e medio); esta opción permite unha lectura máis cómoda.</p> <p style="padding-left: 20px;">Se o traballo se entrega en soporte informático e non precisa ser corrixido, débese entregar en formato PDF. Identificarase o arquivo con: Apelidos, Nome e Título do traballo.</p> <p>As páxinas deben estar <b>numeradas</b> no centro, na parte inferior.</p> <p>Nunca deberán presentarse as follas soltas. Uniranse por grampas, clips, portafolios...</p>
<b>Citas</b>	<p>As citas son <b>referencias a escritos doutros</b> autores/as.</p> <p>Para evitar o plaxio é imprescindible, sempre que se copie unha frase ou parágrafo, citar a fonte. As palabras citadas deben ir co mesmo tipo de letra <b>entre comiñas</b>. No caso de eliminar parte do texto citado hai que introducir puntos suspensivos entre corchetes: [...].</p>
<b>Bibliografía</b>	<p>Cítaranse as obras consultadas ou amentadas por orde alfabética tendo en conta o apelido do autor/a.</p> <p><b>Libros:</b> Apelido do autor/a, Nome (ano de publicación), <i>Título</i> [en letra cursiva], Cidade, Editorial.</p> <p style="padding-left: 20px;">Exemplo: Castelao, Afonso (2000), <i>Cousas</i>, Vigo. Ed. Galaxia.</p> <p>Se consultamos un capítulo ou unha sección dunha obra debemos indicalo entre comiñas, antes do título.</p> <p style="padding-left: 20px;">Exemplo: Castelao, Afonso (2000), "A ponte vella", <i>Cousas</i>, Vigo. Ed. Galaxia.</p> <p><b>Documento electrónico:</b> ao final citaremos a dirección URL, se o documento é unha páxina HTML.</p> <p style="padding-left: 20px;">Exemplo: "MySpace" de Carlos Gende, dispoñible en: <a href="http://www.myspace.com/gendebeat">http://www.myspace.com/gendebeat</a></p>

# Guía para a elaboración e presentación de traballos escritos

Elaborar un traballo monográfico implica, unha vez determinado o tema e o esquema ou guión xeral, varias **fases**: busca de información, estruturación, redacción, revisión e presentación.

Este modelo recolle normas, criterios e consellos para mellorar o contido e a presentación dos escritos. Baseado nas normas APA (www.normasapa.com)


Fases	Normas / Criterios / Consellos										
<p><b>Busca de información</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Buscar información en diversos medios: enciclopedias, dicionarios, libros, Internet...</li> <li>• Filtrar a información conforme ao tema e ao nivel que se está a estudar.</li> <li>• Seleccionar os datos importantes: toma de notas, elaboración de resumos e esquemas, anotación das palabras clave... Axudará moito á estruturación do escrito.</li> </ul>										
<p><b>Estruturación</b></p>	<p>Unha vez realizada unha lectura selectiva, trasladamos e distribuimos nas distintas partes do traballo a información útil evitando copiar parágrafos enteiros (é importante reorganizar a información de forma orixinal). Hai que ter un <b>guión ou esquema previo</b>, que pode ser modificado ao longo do traballo. Este guión debe ter unha orde lóxica, con puntos principais e secundarios.</p> <p>En canto á estrutura, un traballo divídese en varias <b>partes</b>:</p> <p><b>Portada:</b> título do traballo, identificación. Pode conter imaxes.</p> <p><b>Índice:</b> títulos de todos os apartados que o conforman.</p> <p><b>Introdución:</b> presentación do tema, referencia á estrutura.</p> <p><b>Corpo do traballo:</b> exposición clara e ordenada da información. Pode subdividirse en apartados con unidade interna e ilustrar con fotografías, debuxos, gráficas...</p> <p><b>[Conclusión:</b> breve síntese da información exposta.]</p> <p><b>Bibliografía:</b> relación de obras, tanto impresas como dixitais consultadas.</p> <p>Durante todo o proceso debemos respectar os dereitos de autoría, polo que é importante <b>tomar nota e citar as fontes, tanto de textos como de imaxes</b>. Podemos utilizar fichas que inclúan: URL, tipo de recurso, información precisa, ideas propias sobre eles e a finalidade.</p> <div data-bbox="1145 772 1428 1176" style="border: 1px solid black; padding: 5px; margin: 10px 0;"> <p style="text-align: center; font-size: small;">IES do Milladoiro</p> <p style="text-align: center; font-weight: bold; font-size: large;">TÍTULO DO TRABALLO</p> <p style="text-align: right; font-size: x-small;">Identificación dos autores Curso</p> </div> <div data-bbox="1157 1198 1428 1377" style="margin: 10px 0;"> <p style="text-align: center; color: blue; font-weight: bold;">Índice</p> <table style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <thead> <tr> <th></th> <th style="text-align: right; font-size: small;">Páxina:</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Introdución.....</td> <td style="text-align: right;">2</td> </tr> <tr> <td>Apartado 1.....</td> <td style="text-align: right;">3</td> </tr> <tr> <td>Apartado 2.....</td> <td style="text-align: right;">7</td> </tr> <tr> <td>Apartado 3.....</td> <td style="text-align: right;">12</td> </tr> </tbody> </table> </div>		Páxina:	Introdución.....	2	Apartado 1.....	3	Apartado 2.....	7	Apartado 3.....	12
	Páxina:										
Introdución.....	2										
Apartado 1.....	3										
Apartado 2.....	7										
Apartado 3.....	12										
<p><b>Redacción e revisión</b></p>	<p>Comparamos os contidos de cada fonte, e podemos <b>eliminar o que consideremos superfluo ou repetitivo</b>; procedemos, entón, a reordenar e conectar os fragmentos con <b>coherencia</b>, achegando <b>ideas propias</b>, reescribindo <b>coas propias palabras a redacción final</b>.</p> <p>Debemos coidar a <b>ortografía, acentuación, signos de puntuación</b> e a <b>sintaxe</b>, utilizando <b>nexos variados</b>.</p> <p>Evitaremos expresións coloquiais e o léxico utilizado será técnico e científico.</p> <p>Podemos ilustrar o traballo con fotografías, gráficos...</p> <p>En <b>cada parágrafo, exponse unha idea</b>. Antes de empezar a escribir un parágrafo, débese ter unha idea clara do tema que tratará. En caso contrario, faltaralle cohesión.</p> <p>Recoméndase <b>facer unha lectura detida</b> e en voz alta antes de entregar o traballo.</p>										
<p><b>Presentación</b></p>	<p><b>Nos escritos a man:</b></p> <p>Coidar a caligrafía. Evitar borróns e riscaduras; de ser inevitable, riscar o erro así. Sangrar a primeira liña dos parágrafos. As marxes e as liñas deben quedar rectas (de precisarse, usarase como guía un</p>										






# ANEXO II


Reconto de Es...




Reconto de Estudos...




Reconto de Vives habitualmente con...




320 respostas




Reconto de Naciches...











Reconto de Ata que nivel de estudos pensan chegar?








Reconto de Escolle a lingua [en que aprendiches a falar]













Globalmente, como avallas a túa competencia comunicativa nas seguintes linguas?




En concreto, a túa comprensión oral pensas que é...





En concreto, a túa expresión oral pensas que é...






En concreto, a túa comprensión de textos escritos pensas que é...




En concreto, a túa expresión escrita pensas que é...




En xeral, como de cómod@ te sentes ao falar galego?


320 respostas




Reconto de Valora os seguintes enunciados [A lingua galega debe ser fomentada socialmente]




Reconto de Valora os seguintes enunciados [Fóra de Galicia, o galego é pouco útil]




Reconto de Valora os seguintes enunciados [En Galicia, o galego é moi útil]




Reconto de Valora os seguintes enunciados [Gustaríame recibir máis clases en galego]




Reconto de Valora os seguintes enunciados [A adquisición de dúas (ou máis) linguas enriquece]




Reconto de Valora os seguintes enunciados [As matemáticas pódense aprender en galego]




Reconto de Valora os seguintes enunciados [O galego é unha lingua apropiada para ligar]




Reconto de Valora os seguintes enunciados [O galego é unha lingua axeitada para os videoxogos]




Reconto de Valora os seguintes enunciados [O galego é unha lingua con futuro]




Reconto de Valora os seguintes enunciados [O galego débese transmitir ás xeracións futuras]




Reconto de Valora os seguintes enunciados [Gústame falar galego]



Reconto de Valora os seguintes enunciados [Gústame que me falen galego]



Reconto de Na túa opinión, a presenza do galego no centro é:



# **IES do Milladoiro**

## **Addenda ao Proxecto Lingüístico de Centro**

### **Curso 2018/2019**

#### **1.- Introducción**

O PLC do IES do Milladoiro foi aprobado en reunión do Consello Escolar con data 29/06/2018. En aplicación da normativa vixente (decreto 79/2010), presentamos unha addenda que recolle os cambios habidos ao longo do curso 2018/2019.

#### **2.- Modificacións na impartición de linguas estranxeiras**

Aprobouse ofertar portugués como segunda lingua estranxeira no curso 2019/2020 na ESO e no Bacharelato.

#### **3.- Información e valoración dos programas e actividades para o fomento da lingua galega.**

O EDLG, coa colaboración do departamento de Lingua Galega e doutros departamentos, levou a cabo numerosas actividades. Salientamos:

##### **3.1.- Conmemoracións e celebracións**

###### **3.1.1.- Día das bibliotecas**

Lectura de poemas en galego polo alumnado membro do EDLG.

###### **3.1.2.- Do 5 ao 9 de novembro: *Semana da ciencia en galego*.**

Exposición de narrativa científica en galego na biblioteca do centro.

###### **3.1.3.- Día contra as violencias de xénero**

O alumnado do EDLG partiu do libro de Carlos Negro *Masculino singular* para sensibilizar a toda a comunidade educativa da lacra que supón a violencia contra as mulleres. Para iso, fixeron unha intervención no corredor de entrada do edificio empregando dous poemas da obra citada. Por un lado, plasmaron no chan os versos de "Baldosas" e, por outro, ocuparon boa parte da parede cun cartaz de metro e medio no que se pode ler outro dos textos do libro: "Cadernos Rubio". A partir deste, o alumnado do centro foi traballando un imaxinario en positivo de cara ao sector masculino, recreando os versos do poeta.

Logo desenvolveuse unha actividade na biblioteca durante o recreo na que alumnado do ENDL leu poemas de *Masculino singular* acompañados, nalgún caso, polo propio autor. Rematou a acción cun grupo de alumnos e alumnas lendo diante do poeta as propias creacións poéticas inspiradas nos seus versos.

###### **3.1.4.- Xaneiro, mes de Castelao.**

O EDLG proporcionou a cada aula do centro unha planta de pensamentos con dous "pensamentos" (citas) de Castelao, previamente seleccionadas polo alumnado do grupo.

Exposición sobre os álbums de guerra de Castelao na entrada do centro.

Exposición sobre a paz lingüística.

###### **3.1.5.- Febreiro, mes de Rosalía.**

Nas plantas de pensamentos, as citas de Castelao foron substituídas por versos de Rosalía.

Do 18 ao 22 de febreiro: lectura de poemas por profesorado e alumnado voluntario na biblioteca do centro.  
Xoves 21: concurso de recitado durante o segundo recreo na biblioteca do centro

O mércores 20, o alumnado de 3º ESO participou nun roteiro do IES do Milladoiro a Ortoño, onde Rosalía pasou parte da súa infancia. Durante o percorrido realizaron fotos e gravacións coas que posteriormente editaron vídeos con poemas de Rosalía. Estes foron compartidos nas redes co cancelo #RosalíaTaménÉNosa e na rede do concello de Ames.

O venres 22, o alumnado de 3º ESO realizou unha mani-FESTA-ción simbólica, na que amosou con pancartas como a obra de Rosalía segue tendo vixencia, denunciando inxustizas con versos de Rosalía.

###### **3.1.6.- Día da muller traballadora, 8 de marzo.**

Exposición dos traballos realizados polo alumnado no marco do traballo interdepartamental *Mulleres traballadoras*. Publicación en galego dos traballos seleccionados.

3.1. 7.- Día das letras galegas, 17 de maio

Exposición sobre a figura homenaxeada, Antón Fraguas, organizada polo EDLG.

Representación sobre a vida e obra deste autor: *Quen ten un mestre etnógrafo?*, de Serafín Marcos, para 2º ESO o 14 de maio.

Lecturas na biblioteca dos membros do club de lectura nos segundos recreos dos días 15 e 16 para homenaxear a Antón Fraguas.

3.2.- Tal e como se recollía no PLC, creación dun grupo de voluntariado lingüístico para acoller en galego ao alumnado de recente incorporación ó centro. Este grupo actuou, preferentemente, co alumnado dos grupos de inmersión lingüística. Señalización dun punto de encontro galego falante no centro.

3.3.- Participación en actividades en defensa da lingua creadas por outras institucións:

- Correlingua
- Concurso de Teatro Falado do Concello de Ames
- Concurso de debates
- [Regueifeir@](mailto:Regueifeir@)

3.4.- Encontros con autores: Cándido Pazó falou da súa obra co alumnado de 2º de Bacharelato.

3.5.- Todos os cursos tiveron a oportunidade de asistir a, polo menos, un espectáculo en galego.

3.6.- Fomento do uso do galego nos equipos TEI (Titoría entre iguais): actividade de xogos tradicionais galegos coa participación do alumnado da EEI do Milladoiro.

3.7.- Lectura de contos ao alumnado da EEI do Milladoiro por parte do alumnado do EDLG

Todas estas actividades foron difundidas entre a comunidade educativa na web do instituto <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/taxonomy/term/123> e no blog do EDLG: <https://omillafaladoiro.blogspot.com/>

Todas estas actividades foron ben acollidas pola comunidade escolar e axústanse aos obxectivos establecidos no noso PLC.

#### **4.- Creación dun grupo de traballo para o Tratamento Integrado de Linguas (TIL).**

Ao longo deste curso creouse un grupo de traballo interdepartamental que conseguiu chegar a varios acordos relevantes, dos que damos fe na web do centro no apartado creado a tal fin: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/node/1233>

Son os seguintes:

- 1.- Guía para a elaboración e presentación de traballos escritos. (realizada o curso pasado durante a elaboración do PLC)
- 2.- Normas para realizar presentacións.
- 3.- Acordo sobre clases e formación de palabras.
- 4.- Rúbrica da expresión oral.
- 5.- Rúbrica da exposición oral de contidos.
- 6.- Rúbrica da expresión escrita.
- 7.- Acordo sobre sintaxe.
- 8.- Acordo de repartición de contidos en 1º ESO.

Estes acordos han de ser a base do futuro traballo coordinado entre os departamentos de linguas.

No vindeiro curso continuarase coa repartición de contidos.

#### **5.- Creación de grupos de inmersión lingüística para o alumnado procedente do estranxeiro.**



Un total de dezasete alumnos e alumnas foron atendidos nestes grupos, nunha media de tres horas semanais en galego e outras tantas en castelán.

#### **6.- Desdobre de galego oral.**

En primeiro de ESO, unha hora á semana desdobláronse os grupos en Lingua Galega para favorecer a práctica da oralidade.

A comunidade educativa será informada do contido desta addenda e será remitida aos servizos de inspección.

O Milladoiro, 26 de xuño de 2019.